Cuscuta planiflora Ten., 1829

- gorga avermellada, liño de raposo/das lebres, barbas de raposo
- greña común, cuscuta, cabello de monte, barbas
-
- cuscuta plana
- red doddler, smallsedd doddler
- cuscuta de folha plana



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Solanales**	**Convolvulaceae**	***Cuscuta***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Porte herbáceo. É parasita e carece de raíces verdadeiras de absorción. Produce inicialmente unha pequena raíz que rapidamente é substituída por haustorios que se fixan á planta hóspede. As follas redúcense a pequenas escamas non fotosintéticas. As flores son pequenas, hermafroditas, dispostas en acios ou glomérulos. Presentan 4-5 pétalos de cores brancas, fusionados na base. Os estames son 4-5, de tamaño curto e con anteras amarelas. O pistilo é simple ou bilobado e curto. Froito con forma de cápsula globosa ou elipsoidal que contén sementes pequenas, ovaladas e de cor amarelo-parda a marrón. Tanto as flores coma os froitos aparecen na primavera-verán.

HÁBITAT

Crece sobre outras herbáceas e arbustos hóspedes (Fabaceae, Asteraceae, Solanaceae, entre outras familias). Aparece en zonas de pastizal, campos de cultivo, matogueiras e bordos de camiños. Común en áreas cálidas e secas; pouco frecuente en zonas frías e montañosas.

DISTRIBUCIÓN

Mediterráneo occidental: Península Ibérica, sur de Francia e Italia.

CURIOSIDADES

Carece de follas fotosinteticamente funcionais xa que obtén o 100 % da súa enerxía da planta hóspede mediante os haustorios que as conectan. Pode cambiar de hóspede varias veces na súa vida.